

O día 11/09/2018 esta Alcaldía-Presidencia aprobou as bases reguladoras para a provisión, polo procedemento de libre designación, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Recursos Humanos e Emprego, bases que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP 175, do 13/09/2018).

Posteriormente efectuouse a publicación do extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG 185 do 27/09/2018) e finalmente publicouse o anuncio de convocatoria Boletín Oficial do Estado (BOE 249 do 15/10/2018).

Durante o prazo establecido para o efecto, que rematou o día 06/11/2018, tiveron entrada as solicitudes presentadas polas persoas que de seguido se relacionan:

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
LOPEZ MERA, JAVIER	xxxxx779G
TOURON ALVAREZ, RICARDO	xxxxx566D
COCHO SAHAGÚN, JUAN	xxxxx922N
CALVO DEL CASTILLO, VICENTE JOSÉ	xxxxx899Y
MENDEZ LEIVA, JUAN ESTEBAN	xxxxx029H

Mediante informe da xefatura de Negociado de Recursos Humanos se concretan os elementos a avaliar para fundamentar a proposta de nomeamento en consonancia coas funcións propias do posto de traballo de xefe/a de Servizo de Recursos Humanos e Emprego, informe que se transcribe a continuación:

**“Asunto: Cobertura, polo procedemento de libre designación, do posto denominado Xefe/a de Servizo de Recursos Humanos e Emprego**

***Antecedentes***

*O día 11/09/2018 esta Alcaldía-Presidencia aprobou as bases reguladoras para a provisión, polo procedemento de libre designación, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Recursos Humanos e Emprego, bases que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP 175, do 13/09/2018).*

*Posteriormente efectuouse a publicación do extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG 185 do 27/09/2018) e finalmente publicouse o anuncio de convocatoria Boletín Oficial do Estado (BOE 249 do 15/10/2018).*

*Durante o prazo establecido para o efecto, que rematou o día 06/11/2018, tiveron entrada as solicitudes presentadas polas persoas que de seguido se relacionan:*

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
CALVO DEL CASTILLO, VICENTE JOSÉ	xxxxx899Y
COCHO SAHAGÚN, JUAN	xxxxx922N
LOPEZ MERA, JAVIER	xxxxx779G
MENDEZ LEIVA, JUAN ESTEBAN	xxxxx029H
TOURON ALVAREZ, RICARDO	xxxxx566D

***Normativa aplicable***

- *Constitución Española de 1978.*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*
- *Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública.*
- *RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais. (ROF)*
- *Decreto 93/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna.*
- *RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.*
- *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.*
- *RDL 5/2015, de 30 de outubro, que aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público.*

- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.*

### **Consideracións**

O artigo 80 do RDL 5/2015, relativo á libre designación establece no seu apartado 1 que “1. La libre designación con convocatoria pública consiste en la apreciación discrecional por el órgano competente de la idoneidad de los candidatos en relación con los requisitos exigidos para el desempeño del puesto.” No mesmo sentido se pronuncia o artigo 92 da Lei 2/2015, citada anteriormente.

O RD 364/1995, adica o capítulo III do seu do Título III á libre designación e establece no seu artigo 54 que “1. El nombramiento requerirá el previo informe del titular del centro, organismo o unidad a que esté adscrito el puesto de trabajo a cubrir. ....” E no seu artigo 56 que “1. Los nombramientos deberán efectuarse en el plazo máximo de un mes contado desde la finalización del de presentación de solicitudes. Dicho plazo podrá prorrogarse hasta un mes más.

2. Las resoluciones de nombramiento se motivarán con referencia al cumplimiento por parte del candidato elegido de los requisitos y especificaciones exigidos en la convocatoria, y la competencia para proceder al mismo.

En todo caso deberá quedar acreditada, como fundamento de la resolución adoptada, la observancia del procedimiento debido.”

O establecido no punto 2 transcrito debe completarse para cumprir cos mandatos contidos nos artigos 9.3, 23 e 103.3 da Constitución Española, segundo recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (S 143/2016), coa motivación dos concretos criterios de interés xeral elixidos como prioritarios para decidir o nomeamento e coa motivación das cualidades ou condicións personais e profesionais que foron consideradas na persoa que se propón para nomeamento.

Na convocatoria indicábanse os méritos que se terían en conta para a selección do candidato, a saber:

- A) Titulación académica.
- B) Anos de servizo.
- C) Postos de traballo
- D) Outro méritos

Coa finalidade de xustificar e obxectivar a selección do candidato, relaciónanse os criterios de avaliación tidos en conta para a selección dos candidatos:

- A) Titulación académica.

Neste sentido considérase que a pesar de que o posto está aberto a titulacións das ramas económica e/ou xurídica, sería máis beneficioso para o servizo que quen exerza a súa xefatura posúa a Licenciatura en Dereito, que é a mais apropiada para o exercizo das funcións e cometidos do posto de xefe/a de Servizos de RRHH dada a necesidade de coñecer a complexa normativa reguladora dos empregados públicos. Por outro lado é importante ter coñecementos de xestión orzamentaria de expedientes de gasto propios da área. A posesión doutras titulacións relacionadas co posto tamén tense en conta.

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>Titulación académica</b>	<b>Puntuación</b>
CALVO DEL CASTILLO, VICENTE JOSÉ	Licenciado en Dereito, Graduado en Ciencias Empresariais, Máster en xerencia de empresas e Máster en tributación-asesoría fiscal	10 puntos
COCHO SAHAGÚN, JUAN	Licenciado en Dereito e Máster en Prevención de Riscos Laborais	8 puntos
LOPEZ MERA, JAVIER	Licenciado en Dereito	7 puntos
MENDEZ LEIVA, JUAN ESTEBAN	Licenciado en Dereito, Máster en Administración Local e Máster en estudos da Unión Europea	9 puntos
TOURON ALVAREZ, RICARDO	Licenciado en Dereito, non achega acreditación	7 puntos

- B) Anos de servizo

Valóranse en proporción a la antigüidade nos postos que se consideran relevantes para o posto

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>Anos de servizo</b>	<b>Puntuación</b>
CALVO DEL CASTILLO, VICENTE JOSÉ	28 años	10 puntos
COCHO SAHAGÚN, JUAN	12 años	4,29 puntos
LOPEZ MERA, JAVIER	3 años	1,07 puntos
MENDEZ LEIVA, JUAN ESTEBAN	11 años	3,93 puntos
TOURON ALVAREZ, RICARDO	8 años	2,86 puntos

- C) Postos de traballo desenvolvidos

Tense en conta o desenvolvemento en postos de traballo da área de persoal, tamén en materia de xestión de recursos humanos e a súa xestión orzamentaria, debido a que o posto a cubrir está encadrado dentro da Área de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos polo que a formación en materia económica resultará de utilidade nun servizo que xestiona máis de unha cuarta parte do orzamento municipal (17,68 millóns de euros).

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>Postos de traballo</b>	<b>Puntuación</b>
<i>CALVO DEL CASTILLO, VICENTE JOSÉ</i>	<i>Interventor, Viceinterventor, Tesoureiro, xefe do Servizo de asistencia económica a municipios da Deputación da Coruña e responsable administrativo-financieiro da Deputación da Coruña (*)</i>	<i>8 puntos</i>
<i>COCHO SAHAGÚN, JUAN</i>	<i>Subdirector xeral prestacións Invalidez Permanente do INSS da Coruña e de Lugo, Inspector Técnico Facultativo Catastro da Coruña e Pontevedra, Técnico Superior Catastral en Madrid, xefe Sección Xestión Catastro Coruña e Subinspector de Aduanas e IIEE de la AEAT</i>	<i>3 puntos</i>
<i>LOPEZ MERA, JAVIER</i>	<i>Secretario xeral Concello de Vila de Cruces e Secretario-Interventor do Concello de Lastras de Cuéllar</i>	<i>6 puntos</i>
<i>MENDEZ LEIVA, JUAN ESTEBAN</i>	<i>Técnico de Administración Xeral en Sada adscrito á Secretaría Xeral e Director Xeral de Recursos Humanos no Concello de Telde e secretario-interventor no Condado de Treviño</i>	<i>10 puntos</i>
<i>TOURON ALVAREZ, RICARDO</i>	<i>Secretario Concello Vila de Cruces e Adxunto a Secretaría no Concello de Ocaña</i>	<i>5 puntos</i>

(\*) Valórase de xeito relevante o posto de traballo desenvolvido na Deputación da Coruña no Servizo de Asistencia a Municipios pois participou na formación das RPT en preto de 50 concellos da Provincia.

#### **D) Outros méritos**

Ao respecto da formación, valóranse os cursos relacionados coa Administración Pública, especialmente en materia de xestión de recursos humanos e a súa xestión orzamentaria, debido ao exposto no apartado anterior

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>Formación recibida</b>	<b>Formación impartida</b>	<b>Puntuación</b>
<i>CALVO DEL CASTILLO, VICENTE JOSÉ</i>	<i>1.111</i>	<i>1235</i>	<i>5,98 puntos</i>
<i>COCHO SAHAGÚN, JUAN</i>	<i>1.796</i>	<i>0</i>	<i>4,58 puntos</i>
<i>LOPEZ MERA, JAVIER</i>	<i>354</i>	<i>0</i>	<i>0,90 puntos</i>
<i>MENDEZ LEIVA, JUAN ESTEBAN</i>	<i>3675</i>	<i>250</i>	<i>10 puntos</i>
<i>TOURON ALVAREZ, RICARDO</i>	<i>566</i>	<i>0</i>	<i>1,44 puntos</i>

#### **Puntuación final**

Debido ao acontecido en anteriores convocatorias para a provisión do posto que se pretender cubrir e en aplicación supletoria do RD 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, óptase por establecer unha orde de prelación entre os aspirantes considerados máis axeitados para facer fronte a posibles eventualidades, que quedaría establecida do seguinte xeito:

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>Puntuación</b>
<i>CALVO DEL CASTILLO, VICENTE JOSÉ</i>	<i>33,98</i>
<i>COCHO SAHAGÚN, JUAN</i>	<i>19,87</i>
<i>LOPEZ MERA, JAVIER</i>	<i>14,97</i>
<i>MENDEZ LEIVA, JUAN ESTEBAN</i>	<i>30,93</i>
<i>TOURON ALVAREZ, RICARDO</i>	<i>16,33</i>

Por todo o exposto, considerase que a persoa aspirante que reúne mellores condicións de idoneidade é Don Vicente José Calvo del Castillo.

#### **Conclusións**

Polo exposto, en virtude do establecido no artigo 54.1 do RD 364/1995 e 172.1 do RD 2568/1986, logo do anterior informe fórmulase a seguinte **proposta**:

*Efectuar o nomeamento, polo procedemento de libre designación, de don Vicente José Calvo del Castillo, funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, pertencente a Subescala de Intervención-Tesorería, categoría superior, grupo A1, para o desempeño do posto de xefe/a do Servizo idoneidade sinalada na parte expositiva e a adxudicación supletoria ao seguintes de acordo coa normativa que rixe para o concurso.”*

O candidato proposto é funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, pertencente a Subescala de Intervención-Tesouraría, categoría superior, grupo A1, polo que reúne os requisitos esixidos na convocatoria e de acordo coas consideracións do informe citado se considera o máis idóneo para ocupar o posto de traballo convocado.

Na tramitación do expediente seguiuuse o procedemento establecido nas bases reguladoras da convocatoria e nas disposicións normativas de aplicación.

Polo exposto, en virtude das competencias asumidas por esta Alcaldía-Presidencia, dispoño o seguinte:

**Primeiro.- Efectuar o nomeamento**, polo procedemento de libre designación, de Vicente José Calvo del Castillo funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, pertencente a Subescala de Intervención-Tesorería (categoría superior), grupo A1, **para o desempeño do posto de xefe do Servizo de Recursos Humanos e Emprego** do Concello de Ferrol.

**Segundo.-** Solicitar á Administración correspondente o informe ao que fai referencia a base cuarta das que regulan esta provisión.

**Terceiro.- Publicar** o anuncio deste nomeamento **no DOG**, a partir desta data contarán os prazos para o correspondente cese e toma de posesión.

Así o manda e asina o alcalde-presidente na Casa do Concello de Ferrol o día

O alcalde-presidente

Ante min  
O secretario xeral